

**Acta núm. 26/2021.
 Sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local
 do 14 de decembro de 2021.**

CONCELLEIROS/AS ASISTENTES:
 María Rosa Romero Fariña.
 José Luis Sampedro Bouzas.
 Sandy Marie Cebral Gómez.
 Carlos Noya Pereira.

No salón de plenos da Casa do Concello de Brión, ás 14:00 horas do 14 de decembro de 2021, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as membros da Xunta de Goberno Local deste Concello que se relacionan, para celebraren sesión ordinaria.

Preside o señor alcalde Pablo Lago Sanmartín e asiste como secretario Javier Nieves González, secretario do Concello.

Ábrese a sesión cos seguintes asuntos:

- 1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 25/2021, DO 30.11.2021.
- 2º) COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRA MENOR).
- 3º) LICENZA DE OBRA MAIOR.
- 4º) MODIFICACIÓN DE LICENZA OBRA MAIOR.
- 5º) LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.
- 6º) ROGOS E PREGUNTAS.

PRIMEIRO.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 25/2021, DO 30.11.2021.

Acórdase por unanimidade a aprobación da acta da xunta anterior do día 30.11.2021, acta núm. 25/2021.

SEGUNDO.- COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRA MENOR).

a) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MARINA SOFÍA MANTEIGA RODRÍGUEZ, na que comunica que vai limpar e encintar un peche de pedra existente en contacto coa vía pública, a menos de 4 metros do eixe do vial, e abrir un acceso á parcela sita en Liñares 11 – Brión, colocando tubos para canalizar as augas, facendo unha rampla e construíndo peche lateral de pedra.

A parcela onde se van realizar as obras (referencia catastral núm. 5850707NH2455S0001GA), emprázase sobre un ámbito de solo de núcleo rural para as áreas consolidadas pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 (NRL-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

- 1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:
 - .- A rampla de acceso e a entrada á parcela situarase mínimo a 4 metros do eixe do vial, quedando o pavimento fora da desta liña á mesma cota que o camiño.
 - .- Os tubos de canalización de auga serán de 40 cm de diámetro.
 - .- O peche lateral de pedra terá unha altura máxima de 1,20 metros medidos desde a rasante natural do terreo.
- 2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:
 - .- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 51,60 euros.
 - .- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.
 Total: 116,17 euros.

b) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MARIO TOURÍS ESTURAO, na que comunica que vai reparar un alpendre de 49 m² sito en Vioxo de Arriba 18 – Luaña, que data do ano 1991, segundo a oficina virtual do catastro, para garantir as condicións de estanquidade e illamento do mesmo.

A parcela onde se van realizar as obras (referencia catastral 1641807NH2414S0001XQ) atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural en área non consolidada pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 9 do PXOM (NRO-2).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

.- A cubrición será de tella cerámica.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 108,40 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 172,97 euros.

c) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MARÍA MERCEDES LIÑARES ARMESTO, na que comunica que vai substituír as fiestras da vivenda sita en Aguiar 30 – Brión, para garantir as condicións de estanquidade e illamento da mesma.

A parcela onde se van realizar as obras (ref. catastral 6568607NH2466N0001IQ) emprázase sobre un ámbito de solo de núcleo rural en área consolidada pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 do PXOM (NRL-2).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 151,76 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 216,33 euros.

d) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MARI LUZ MARTÍNEZ CALVO, na que comunica que vai realizar obras de conservación na vivenda sita na Avda. de Noia 55 – Os Ánxeles, pintando a totalidade das fachadas, para garantir as condicións de estanquidade e illamento e sen afectar á configuración arquitectónica da envolvente da edificación, nin á estrutura e instalacións.

A edificación onde se van realizar as obras (referencia catastral 6546301NH2464N0001MD) emprázase sobre un ámbito de solo clasificado como solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº 1 do PXOM (UC1), e linda coa estrada AC-543, nun tramo urbano.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 27,78 euros.

Total: 27,78 euros.

e) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MANUEL GARCÍA MIRAZO, na que comunica que vai construír un peche de postes e arame de aproximadamente 180 metros de lonxitude, que non está en contacto coa vía pública, ata unha altura de 1,50 metros, no lugar de Chave de Carballo - Bastavales.

As parcelas onde se pretende executar a obra (referencias catastrais nº 15013B503012290000MS - 15013A050000350000UM - 15013A050000360000UO - 15013A050000250000UY e 15013A050000260000UG) atópanse sobre un ámbito de solo clasificado como solo rústico de protección agropecuaria polo PXOM e dentro da zona de policía do rego de Castañeira.

A Xunta de Goberno Local, á vista da autorización de Augas de Galicia (Clave: DH.W15.71242) e do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 15,48 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 80,05 euros.

f) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por Francisco Javier Amenedo Ansedo, que di actuar en representación de JOSE LUIS GARCÍA GARCÍA, na que comunica que vai construír un peche no interior da parcela e co linde oeste, de aproximadamente 136,30 metros de lonxitude, con muro de mampostería de pedra ata unha altura de 1,40 metros medidos desde a rasante natural do terreo, e colocar unha porta peonil no muro de peche existente polo linde sur.

A parcela onde se pretende executar a obra (referencia catastral nº6649560NH2464N0001HD) atópase sobre un ámbito de solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº 1 (UC1), do PXOM.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 81,07 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 145,64 euros.

g) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MARCOS GARCÍA VÁZQUEZ, na que comunica que vai construír un peche de 170 metros de lonxitude aproximadamente, con postes metálicos e malla electrosoldada, que linda con camiño polo oeste, en Tembra,

A parcela onde se pretende executar a obra (referencia catastral nº15013B501102420000MY) atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo rústico segundo a Disposición Transitoria Primeira 2. da Lei 2/2016, do solo de Galicia.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- O peche situarase mínimo a 4 metros do eixo do vial, segundo o artigo 92.1 da Lei 2/2016, do solo de Galicia.
- A altura máxima do peche será de 1,80 metros medidos desde a rasante natural do terreo.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 25,00 euros.
 - Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.
- Total: 89,57 euros

h) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por CARMEN ÁLVAREZ PAZOS, na que comunica que pretende realizar a seguinte actuación na vivenda sita en Gundín 13 – Os Ánxeles:

- eliminar o falso teito e pintar a estancia.
- executar 50 m² de illamento térmico polo exterior, tipo SATE.
- substituír a tella vella por tella nova.

A parcela onde se pretende executar a obra (referencia catastral nº 5440203NH2454S0001WJ) atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural consolidado pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 (NRL-1) e atópase dentro da zona de protección da estrada AC-543.

A Xunta de Goberno Local, á vista da declaración responsable presentada ante a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade o 16.07.2021 e do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 125,40 euros.
 - Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.
- Total: 189,97 euros

TERCEIRO.- LICENZA DE OBRA MAIOR.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por Álvaro Gutiérrez Baños, que di actuar en representación de EVA GLORIA RODRÍGUEZ CARBALLO e CÁNDIDO GUTIÉRREZ BAÑOS, solicitando licenza para rehabilitación dunha vivenda unifamiliar e anexos e construción dunha piscina e anexo, en Guitiande 6 –Os Ánxeles, segundo proxecto de execución asinado polo arquitecto Álvaro Gutiérrez Baños, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 24.09.2021 e documentación complementaria visada o 03.12.2021 (expte. núm. 2105367).

As parcelas onde se van realizar as obras (referencias catastrais nº 7350302NH2475S0001BL e nº 7350303NH2475S0001YL) atópanse clasificadas como solo de núcleo rural en áreas consolidadas pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 do PXOM (NRL-1) e solo clasificado como urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº 2 do PXOM (UC-2); respectivamente.

A Xunta de Goberno Local, á vista da autorización da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural (expte. 3232/19), e dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do Concello, por unanimidade acorda:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- A obra axustarse estritamente ao proxecto de execución asinado polo arquitecto Álvaro Gutiérrez Baños, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 24.09.2021 e documentación complementaria visada o 03.12.2021 (expte. núm. 2105367).
- Como garantía da urbanización do espazo de cesión ao Concello dos terreos destinados a viais fora das aliñacións establecidas no planeamento (25,94 m²), que implica a pavimentación

do espazo de cesión en todo o fronte da parcela (formigón coloreado en 1,80 metros de ancho), a execución das conexións de abastecemento e saneamento, a recollida de pluviais con tubo de sección 40 cm. e a canalización do alumeado público, deberán aportar aos efectos aval por un importe de 900,00 €, que os interesados deberán presentar no Concello con carácter previo á expedición da licenza urbanística.

- A obtención da licenza para a vivenda unifamiliar non implica licenza para o peche, para o que deberá facer novas solicitudes.
- Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietarios dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.
- Se o director da obra deixa de actuar nela debe poñelo en coñecemento do Concello no prazo de 3 días, mediante oficio debidamente visado polo colexio oficial. Os propietarios están obrigados a nomear seguidamente un novo facultativo, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a alcaldía ordenará a inmediata suspensión das obras.
- Será requisito indispensable dispor a pé de obra de copia autorizada da licenza municipal e a colocación dun cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos das persoas técnicas e directoras e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas e o número de expediente.
- Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 145 da Lei 2/2016, do solo de Galicia: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción e tres anos para rematar a obra, contados os de inicio e remate desde o día seguinte ao da notificación ao interesado do outorgamento da licenza.
- Durante a execución da obra adoptaranse todas as medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.
- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorsearse na vía pública.
- Dará cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigas do produtor de residuos de construción e demolición: dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.
- Unha vez rematadas as obras deberá solicitar a correspondente licenza de primeira ocupación da totalidade do edificado (artigo 42.1 da Lei 8/2012 de vivenda de Galicia e artigo 142.2.g) da Lei 2/2016 do solo de Galicia).

Asemade, acórdase tamén por unanimidade, consonte co informe da arquitecta municipal, a aceptación da cesión efectuada de 25,94 m² destinados a viais fora das aliñacións establecidas no planeamento, previstos no artigo 20.a da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, que se formulou en documento administrativo con data 10 de decembro de 2021.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- .- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), provisional: 2.330,00 euros.
 - .- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 354,66 euros.
- Total: 2.684,66 euros.

CUARTO.- MODIFICACIÓN DE LICENZA DE OBRA MAIOR.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por Andrés Fernández Couce, que di actuar en representación de OLAYA QUEIRUGA SANTAMARÍA, solicitando modificación da licenza urbanística concedida pola Xunta de Goberno Local o 01/12/2020 para construír unha vivenda unifamiliar na Rúa da Pomba 7, Os Ánxeles, segundo "Modificado do proxecto básico e de execución de vivenda unifamiliar illada en Brión" redactado polo arquitecto Andrés Fernández Couce, visado no Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 13.10.2021 (n.r.e.: 1902566); nos seguintes termos:

- .- Ampliación da superficie construída, da altura da edificación e da edificabilidade, coa construción dunha planta primeira sobre parte da planta baixa.
- .- Modificación da distribución da planta baixa, cumprindo as condicións do Decreto 29/2010 polo que se aproban as normas de habitabilidade de vivendas de Galicia.

A modificación pretendida non modifica a implantación da edificación na parcela.

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do Concello, por unanimidade acorda:

1º) Conceder a modificación da licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), provisional: 482,98 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 96,42 euros.

Total: 579,40 euros.

QUINTO.- LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por MIGUEL ÁNGEL PÉREZ NOVO, na que solicita licenza de primeira ocupación para unha vivenda unifamiliar e construción anexa na rúa da Senra nº 3, Os Ánxeles.

A Xunta de Goberno Local do 17.07.2019, concedeu licenza para construír unha vivenda unifamiliar e construción anexa na rúa da Senra nº 3, Os Ánxeles, segundo proxecto de execución redactado polo arquitecto Agustín Concheiro Riande, visado no Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 26.03.2019 e documentación complementaria visada o 26.06.2019 (nº expte 1901513).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal e do certificado final de obra asinado polo arquitecto Agustín Concheiro Riande con data 06.08.2021, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 14.10.2021, acorda por unanimidade:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas:

- Taxa pola licenza de primeira ocupación: 96,85 euros.

Total: 96,85 euros.

SEXTO.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se produciu ningunha.

O señor alcalde declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo ás 14,20 horas, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal eu, como secretario, dou fe.

O alcalde
Vº e Prace

O secretario

Pablo Lago Sanmartín

Javier Nieves González